DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Non hai que viaxar moito na hemeroteca para atoparmos aquel tempo recente no que a violencia contra as mulleres, cando acababa en morte, se relataba como un "crime pasional". A explotación sexual da metade da poboación perpetrábase, segundo aquela prensa, en "casas de citas" ou de "pracer", en "estradas do amor" alumeadas por neons, e con agresores aos que lles chamaban, e aínda lles chaman, "empresarios do ocio nocturno" e "clientes". Os abusos, acosos e burlas ás pioneiras en cargos públicos xustificábanse, e hai quen segue a facelo, como "chanzas", "anécdotas" e "comportamentos propios dun ambiente distendido". Si, de aí vimos e aí podemos volver.

Como problema estrutural que é, a violencia contra as mulleres, en tódalas súas formas, merece un tratamento especial nos medios de comunicación. Os feminicidios ou as violacións non son sucesos. Os ataques verbais ou dixitais ás mulleres polo feito de seren mulleres non son anécdotas nin chistes. O tratamento especial teñen que darllo os xornalistas e as empresas xornalísticas, pero tamén as institucións como fontes oficiais de información. Non chegan os minutos de silencio, as concentracións ou os manifestos. Para informaren a cidadanía de forma veraz e responsable, os medios precisan da colaboración dos responsables políticos, dos técnicos dos servizos municipais, das forzas de seguridade e dos xulgados. As institucións deben favorecer que as expertas conten os lectores, espectadores e ouvintes como se exercen estas violencias e como poden previrse e pararse.

Só axudando a divulgar o coñecemento científico acumulado polas investigacións feministas e a experiencia conseguiremos que as informacións sobre a violencia contra as mulleres contextualicen o problema, non revitimicen as vítimas, e empecen a poñer o foco no comportamento dos agresores e en como combatelo. Ese coñecemento tan valioso, fundamental para erradicar o negacionismo e a ignorancia,

está non só nas universidades, tamén nos centros municipais de información á muller, nos servizos sociais e sanitarios, na policía e no tecido asociativo. Os xornalistas, á parte de recursos profesionais para podermos traballar ben nas redaccións, á parte da concienciación dos directivos das nosas propias empresas, precisamos que as autoridades nos acheguen información que non culpe as vítimas que non denuncian. Pedimos tamén que non se fuxa da autocrítica sobre un sistema de protección que está aínda en construción, que falla con consecuencias terribles, e ao que lle queda moito por mellorar.

Desde o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, en representación do Concello de Pontevedra, queremos manifestar que só cuns medios de comunicación que falen á sociedade con responsabilidade e espírito crítico se poderán defender os avances acadados e seguir cara adiante. Para iso os profesionais do xornalismo, tamén os que fan tarefas de comunicación nas institucións, deben estar formados no tratamento informativo que merece a violencia contra as mulleres. As súas manifestacións agroman por todas partes. As agresións e os agresores están nos deportes, na economía, na política, na cultura. Non hai xornalista nin responsable político que poida exercer ben o seu labor sen coñecer polo miúdo como funciona e como debe ser contada para favorecer a súa erradicación.

Non esquezamos nunca de onde vimos e a onde non queremos volver.

Sonia Vizoso Pérez, vicedecana
Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia

Novembro, 2026